



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE DECEMBRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de decembro de dous mil dezaseis; as nove da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. -

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintenoventa de novembro de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

**OUTORGAMENTO DE AMPLIACION DE PRAZO PARA INICIO DE OBRAS RIB/N/25.7/16. -**

Visto o escrito presentado por **Dona Paula Andrea Ortiz**, con domicilio en Reza nº 41, Arnoia, onde solicita aplicación do prazo para a execución da obra sita na rúa San Lázaro nº 19, para a cal obtivo licenza pola Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2016.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 30 de novembro de 2016 no que se conclue o seguinte:

“Infórmase favorablemente á concesión da prórroga do prazo de inicio das obras solicitada, ata o 1 de xuño de 2017, por considerar que se axusta ó fixado no artigo 145. *Caducidade das licenzas da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1.- Conceder ampliación do prazo de inicio das obras para vivenda unifamiliar e vivenda comunitaria sita na rúa San Lázaro nº 19 ata o 1 de xuño de 2017, a contar dende o día seguinte ó de notificación do presente acordo.

2.- Manter as mesmas condicións fixadas no acordo de concesión da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 31.10.2016.



**CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-**

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Don Marcos Fernández González**, con domicilio na rúa Veronza nº 6, 2º Izda, desta Vila, no que solicita a concesión do posto núm. 9 da planta sotano da Praza de Abastos, para venda de pequenos electrodomésticos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, adxudicandolle o posto nº 3, planta sotano, para a actividade referenciada anteriormente.

Esta ocupación terá o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Así mesmo os concesionarios obríganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados. Así mesmo a citada autorización queda condicionada ao pago da taxa pola recollida de basuras sen a cal esta autorización quedará sen efecto.

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.02.2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda correxilo quedando o acordo do seguinte xeito:

**"CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-**

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Dona Marta Rodríguez Casares**, con domicilio en Couselo de Armental nº 4, A Peroxa, no que solicita a concesión dos postos núm. 10 e 11 da planta sotano da Praza de Abastos, para venda de froitas e verdura, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, adxudicandolle os postos nº 10 e 11, planta sotano, para a actividade referenciada anteriormente.

Esta ocupación terá o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Así mesmo os concesionarios obríganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados. Así mesmo a citada autorización queda condicionada ao pago da taxa pola recollida de basuras sen a cal esta autorización quedará sen efecto.

Para o inicio da actividade deberá presentar a correspondente comunicación previa de actividade así como o aboamento das taxas correspondente a licenza da actividade, para o cal presentará a Alta no Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.).

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos".

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:



- De Aqualia, informe técnico sobre o saneamento na rúa Muñoz Calero nº 49-53.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de outubro 2016, por importe de 1.274,10 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº13/16.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº13/16, por importe de 46.494,90 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as nove e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**